



ÁREA DE DEPORTES
Centro cívico Ramón Millarengo
Xeral Morgado, 24
Tlfno. 981- 494431
15510 Neda

VII CARREIRA ESCOLAR CONCELLO DE NEDA

REGULAMENTO XERAL:

1. O Concello de Neda organiza a "VII Carreira Escolar Concello de Neda".
2. A Proba celebrarase o día 15 de xuño a partir das 10:00 horas, nas inmediacións do Albergue de Peregrinos.
3. Os dorsais pódense recoller no lugar da carreira a partir das 9:30.
4. Os centros escolares pertencentes ao Concello de Neda deberán facer a inscrición como equipo.
5. As inscricións deberán formalizarse **antes das 24:00 horas do venres 7 de xuño** enviando a relación de participantes nunha táboa excel o seguinte correo electrónico: escolasneda@gmail.com
6. Centros non pertencentes o Concello de Neda:

Poderán facer inscricións individuais enviando os datos persoais (nome, apelidos, DNI, idade e centro educativo ao que pertencen) ao seguinte correo electrónico: escolasneda@gmail.com , **antes das 24:00 horas do venres 7 de xuño.**
7. A organización reservase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos establecidos anteriormente.
8. Categorías:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA
Biberóns	2019-20	50 m. Aprox.
Pre-benxamíns	2017-18	350 m. Aprox.
Benxamíns	2015-16	700 m. Aprox.
Alevíns	2012-2013-2014	1050 m. Aprox.

*Máximo 50 participantes por categoría.

9. Todos os participantes estarán cubertos por unha póliza de responsabilidade civil e outra de accidentes.